UNED OURENSE

ASUNTO: remisión la certificación del acuerdo adoptado por el Pleno de la Excmo. Ayuntamiento de Ourense sobre ratificación de la aprobación de los nuevos estatutos del Consorcio del Centro Asociado de Ourense

Adjunto remito certificación del acuerdo adoptado por el Pleno del Excmo. Ayuntamiento de Ourense sobre ratificación de la aprobación de los nuevos estatutos del Consorcio del Centro Asociado de Ourense.

Ourense, 25 de enero de 2017

Julio Prada Rodríguez
Secretario del Centro Universitario de la UNED de Ourense

VICERRECTORADO DE CENTROS ASOCIADOS
C/ Bravo Murillo, 38
38015 Madrid

Universidad Nacional de Educación a
Distancia
Registro General de la UNED
ENTRADA
Nº Reg: 00006544e1700005232
Fecha: 31/01/2017 12:50:51

Torres do Pino, s/n
32001 Ourense
Tfno. 988 371 444
Fax 988 371440
e-mail: info@ourense.uned.es

Centro Asociado de Ourense
UNED. Nº 6300
25 ENE. 2017
SALIDA Nº: 6

CONCELLO DE OURENSE
SECRETARIA XERAL DO PLENO

O Concello Pleno en sesión ordinaria do día 13 de xaneiro do ano 2017 adoptou, entre outros, o seguinte ACORDO:

6.2 Aprobación da modificación dos Estatutos do Consorcio do Centro Asociado da UNED en Ourense.

ALCALDÍA: Como saben todos vostedes, con carácter xeral, todos os puntos incluídos na parte resolutiva da Orde do día deben estar ditaminados pola Comisión do Pleno. Nembargante, de conformidade co disposto no Regulamento orgánico do Concello, é posible a súa inclusión sempre que antes de proceder ao seu debate e votación sexa ratificada a dita inclusión por maioría simple da corporación. A razón polo que asunto non se atopa ditaminado é que recibidos no Concello os estatutos o 19 de decembro do 2016 e, solicitada a emisión dos correspondentes informes, o expediente entregouse na Secretaría Xeral do Pleno o 5 de xaneiro do presente ano, circunstancia que imposibilitou o sometemento á comisión de Pleno, sendo oportuno, a xuízo desta Alcaldía, que a súa aprobación, se é o caso, non se demore máis. Por todo o que acabo de expoñer sométese a votación, en primeiro lugar a ratificación do asunto na Orde do día, se non teñen inconvenientes.

O Pleno do concello por unanimidade dos presentes, adoptou o seguinte ACORDO: Aprobar a ratificación.

O secretario da lectura á proposta do informe xurídico de 26 de decembro de 2016, coa seguinte PROPOSTA:

1.- Aprobar definitivamente a modificación dos Estatutos do Consorcio Universitario do Centro Asociado da UNED en Ourense, do que o Concello de Ourense forma parte, previamente aprobados polo seu Padroado o pasado 24 de novembro de 2016.

2.- Darlle traslado do contido deste Acordo o indicado Consorcio.

SRA. IGLESIAS CORTÉS (PP): Moitísimas grazas, Sr. Alclade. Bo día a todos e a todas e moitas grazas pola aprobación da urxencia.

Como saben, a Lei 27/2013, de racionalización das Administracións locais, obriga aos Consorcios a modificar os Estatutos da UNED para así adaptalos á nova normativa. Pois ben, estes novos estatutos foron aprobados o 24 de novembro polo Patronato do Consorcio, o 24 de novembro do 2016, polo tanto agora corresponde ao concello aprobar eses novos estatutos, esa modificación dos novos estatutos da UNED e, o órgano competente para iso é o Pleno, polo tanto, traemos a seguinte proposta de resolución que é aprobar definitivamente a modificación dos Estatutos do Consorcio Universitario do Centro Asociado da UNED en Ourense, do que o Concello de Ourense forma parte, previamente aprobados polo seu Padroado o 24 de novembro de 2016 e darlle traslado do

contido dese acordo ao indicado Consorcio.

Nada máis.

SR. VÁZQUEZ MATO (OueC): Grazas.

Nós imos proceder a ler dous parágrafos moi breves dos informes que se nos adxuntan, no tocante no contido dos estatutos, na parte que afecta ao Concello de Ourense, trátase dunha actualización dos mesmos que no substancial non cambia o réxime xurídico de vinculación do concello con este Consorcio.

Por outra banda, en definitiva, estamos diante dunha modificación dos estatutos para adaptalos a un novo marco normativo que no substancial, non altera as obrigas do Concello de Ourense.

E por último, vén fiscalizado de conformidade, entendemos que estamos perante unha modificación dos estatutos para adaptalos a un novo marco normativo, polo tanto, entendemos que estamos perante a un procedemento puramente administrativo fóra do debate político e non participaremos nel. Grazas.

SR. GARCÍA TEJERINA (PSdeG-PSOE): Grazas Sr. Alcalde. Bo día.

Eu non me vou estender nada, en absoluto. Imos votar favorablemente.

SR. OJEA BOUZO (DO):

Votaremos a favor como xa fixemos no Pleno da Deputación. Grazas.

O Pleno do concello por vinte e catro votos a favor dos grupos municipais do Partido Popular, Democracia Ourensana e PSdeG-PSOE,e tres abstencións do grupo municipal de Ourense en Común, adoptou o seguinte ACORDO: Aprobar a modificación dos Estatutos do Consorcio do Centro Asociado da UNED en Ourense.

Para unir ao expediente da súa razón, expídese o presente coa advertencia e salvedade á que se refire o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais de 28 de novembro de 1986, isto é, a reserva dos termos da aprobación da acta definitiva.

Ourense, 16 de xaneiro de 2017
O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Asdo.: Luís María Bermúdez de la Puente Villalba